

INSTRUCCIÓN 1/2012 PARA A PRORROGA DOS CONTRATOS DE PROFESORADO CON CONTRATO TEMPORAL NO CURSO ACADÉMICO 2012/13

Prorrogaranse durante o ano académico 2012/13 os contratos do profesorado con contrato temporal (asociados/as e contratados/as interinos/as de substitución) necesarios para o desenvolvemento da actividade docente encargada á área.

Se como consecuencia do encargo docente realizado polos centros a unha área de coñecemento, é necesario modificar as dedicacións de varios/as profesores/as con contrato temporal para cubrir a nova docencia, seguirase o procedemento seguinte:

1. O departamento decidirá que tipo de profesorado con contrato temporal (asociados/as ou contratados/as interinos/as de substitución) é o máis adecuado para cubrir a oferta docente. O departamento poderá modificar a dedicación dunha das categorías ou das dúas.
2. Se existe acordo entre os todos/as os/as afectados/as sobre a proposta de modificación da súa capacidade docente, o departamento enviará a proposta de renovación á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente acompañada do documento de conformidade asinado polas partes afectadas.
3. Se non existe acordo entre os/as todos/as os/as afectados/as sobre a proposta de modificación da súa capacidade docente, o departamento nomeará unha comisión formada polo director/a do departamento, dous profesores/as da área de coñecemento e un representante dos traballadores, este último con voz e sen voto.

O departamento solicitará os currículos e os xustificantes oportunos do mesmo ao profesorado con contrato temporal afectado, concedendo para isto un prazo entre 5 e 10 días hábiles.

Os currículos serán valorados pola comisión, no prazo de 10 días hábiles posteriores a finalización do prazo establecido para presentar a documentación, seguindo o baremo que sexa adecuado á categoría da praza segundo o establecido pola Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado.

A orde derivada desa valoración (que será enviada á Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente) será a seguida para asignar as novas dedicacións.

A Coruña, 30 de abril de 2012

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente

Gustavo Rego Veiga